



O BNG solicitará no Pleno declarar o 24 de febreiro como Día de Rosalía



A Coruña, 24 de febreiro de 2012.- Coincidindo co 175º aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, o Grupo Municipal do BNG presentou un rogo, para o seu tratamento no vindeiro Pleno ordinario, co fin declarar o día 24 de febreiro Día de Rosalía no Concello da Coruña.

As concelleiras María Xosé Bravo e Ermitas Valencia reclaman no rogo que o Concello “emprenda e apoie a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto da cidadanía o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura”.

Ademais, as nacionalistas propoñen “unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista”.

As concelleiras do BNG destacan que Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. Bravo e Valencia consideran que a obra rosaliana é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade.

**Hoxe cúmprense
175 anos do
nacemento da
escritora**

“É necesario que os galegos e galegas e que os coruñeses e coruñesas coñezan a obra rosaliana”

“Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento”, expresan Bravo e Valencia na iniciativa. “Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos”, engaden.

É por iso que o BNG considera que a difusión do coñecemento da obra de Rosalía é necesaria para as galegas e os galegos e para os coruñeses e coruñesas, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribúen a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

L	M	M	X	V	S
		1	2	3	4
6	7	8	9	10	11
13	14	15	16	17	18
20	21	22	23	24	25
27	28	29			

24 febreiro

Día de Rosalía de Castro:

**A Coruña, Kiosko Alfonso,
18:30 horas**

A Asociación de Escritoras
Escritores en Lingua Galega
pola súa parte, está

organizando nas principais
cidades e vilas lecturas
públicas da obra rosaliana,
nas que se lerá un manifesto
solicitando a difusión do
coñecemento da obra de
Rosalía de Castro, en especial
entre as xeracións máis novas
que colectivamente
contribuímos a coeducar, pois
a súa poesía ou prosa reflexiva
son base indispensábel para
fomentar o amor á nosa lingua
e comprender a nosa
identidade cultural.